

Daría González García: unha gran muller

Por Maica LARRIBA GARCÍA

Daría González García, a histórica galeguista, a mestra de tres xeracións de pontevedreses, finou na súa *boa vila* o pasado 18 de xaneiro. O seu pasamento, ós oitenta e seis anos, causou un gran pesar nos sectores culturais, políticos e cidadáns, que lembraron a súa gran cultura, sensibilidade, afabilidade e o seu compromiso sincero con Galicia e o galeguismo.

Daría nacera no ano 1912, en Pontevedra, e comezara a exercer como docente nos anos trinta. Recordo cando coñecín a Daría. Fora mestra do meu pai, no Instituto de Pontevedra, eu tiña dezoito anos e comezaba os meus estudos de Historia en Santiago. Meu pai falárame dela, recordaba o seu maxisterio, o seu forte carácter, o seu entusiasmo, asemade a súa beleza e a súa xuventude. Foi na tenda familiar da pontevedresa rúa dos Comercios. Dende ese día, ela honroume coa súa amizade. Moitas veces falamos de historia e dicíame: “Estudia para aprobar e le moito para saber”. Falamos tamén de política, de galeguismo. Era a primeira persoa que me contou cousas vividas con Castelao e con Alexandre Bóveda.

Eu admiraba a súa condición de muller traballadora, o seu compromiso político, nun tempo no que era estraño nunha muller viúva e nai de tres fillos. Falábame do seu irmán Sebastián, do que eu ignoraba a existencia. Tiña unha memoria prodixiosa, sabía moitas cousas que non deberían ser esquecidas, pero a súa prudencia fixo que as gardase para si. Non quería abrir vellas feridas.

No ano 1979 foi elixida concelleira de Pontevedra por Unidade Galega. Desempeñou con éxito o seu cargo. No Concello cóntase que nunha ocasión apelou á súa condición de ex profesora da maioría dos concelleiros para pedir respecto ás súas decisións.

Co tempo, eu tamén me convertín en profesora de Historia e, así mesmo, concelleira de Pontevedra. Moitas veces consultaba asuntos con ela.

No ano 1989, xunto co seu amigo Gonzalo Adrio Barreiro, Roberto Taboada e outros compañeiros socialistas, propuxémo-lo seu nome para o Premio Cidade de Pontevedra. A unanimidade foi entusiasta. Ela recibíuno con orgullo e moita ledicia; estaba radiante, aquel 20 de xaneiro, rodeada dos seus fillos e familiares. O salón do Concello rebordaba de xente, ex alumnos, amigos, ex compañeiros de traballo. Confesou que a súa ledicia non era tanto por ela coma pola satisfacción que lle daba ós seus queridos fillos: Francisco, Carlos e Enrique.

Dez anos despois, este último 20 de xaneiro, foi inhumada no cemiterio de San Amaro, xunto ós seus. Moitas persoas acompañámola ata a súa derradeira morada neste mundo, pero, esta vez, a tristura cubría os nosos rostros. Era a nosa última homenaxe de respecto e admiración a unha gran muller galega. Despedímola entoando solidariamente, entre bágoas, o himno galego, porque o galeguismo de Daría era como ela, solidario. Xa non volveremos a vela percorrendo as rúas de Pontevedra, tomando café no Rías Baixas. Non asistirá máis ás aperturas de curso dos institutos, nin estará en primeira fila –a que lle correspondía– en tódolos actos do Museo de Pontevedra. Non volverá honrar coa súa presenza os actos solemnes do 20 de xaneiro, festividade de San Sebastián, no Concello de Pontevedra. Tampouco volveredes a vela nos foros de *Encrucillada*.

Daría, con 86 anos, seguía a ser unha muller fermosa e chea de entusiasmo pola vida, por unha vida de compromiso coas súas ideas, coa súa cidade, co seu país. Con esta *gran dona* vaise unha parte importante da historia de Pontevedra e de Galicia. Outros xa a precederan: Modesto Rodríguez Figueiredo, Alfredo García Alén, Luciano del Río, Xosé Lois

Fontenla (de quen sei que esta revista prepara un pequeno recordo), Xosé Filgueira, Carmiña Bugallo, compañeira temperá na docencia, e tantos outros.

Torpeamente, quixen escribir unhas liñas que expresen o meu cariño e admiración por ela e mais polo que representou como muller. Gracias, e ata sempre dona Daría. Descansa en paz.

Maica LARRIBA GARCÍA

